

PREGUNTAS FRECUENTES SOBRE AS ÁREAS DE XESTIÓN CLÍNICA NO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

CONFIGURACIÓN XURÍDICA

¿Cál é o fin das Áreas de Xestión Clínica (AXC)?

A modernización das organizacións sanitarias, promovendo a incorporación dos profesionais na toma de decisións e na xestión dos recursos para unha mellor asistencia.

¿As Áreas de Xestión Clínica que se constitúan en Galicia, van ter personalidade xurídica propia?

Non, o decreto que as crea recolle expresamente que carecen de personalidade xurídica propia.

¿Qué significa, a efectos dos profesionais do Servizo Galego de Saúde, que as Áreas de Xestión Clínica non teñen personalidade xurídica propia?

Significa que se mantén a vinculación dos profesionais no sistema sanitario público e que conservan a súa relación xurídica actual, isto é, persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde.

CONDICIÓNS DE PARTICIPACIÓN

¿Cómo pode participar na Área de Xestión Clínica?

A adscrición do persoal ás AXC virá determinada pola sinatura **voluntaria** do Acordo de Xestión Clínica (ADXc).

¿Os/As Xerentes poden obrigar a participar ao persoal nas Áreas de Xestión Clínica?

Non, a participación do persoal nas AXC é **voluntaria**, é unha opción, non unha obriga.

¿Se participas na xestión clínica, perdes a praza ou vínculo estatutario?

Non, o persoal estatutario fixo é persoal funcionario suxeito a un réxime especial. A súa participación voluntaria en AXC das institucións sanitarias públicas do Servizo Galego de Saúde non supón nin pode supoñer a perda da súa praza nin do seu vínculo estatutario.

¿Podes asinar o Acordo de xestión clínica (ADXc) e logo ditarse unha norma pola que se declare que perdes a condición de persoal estatutario?

Non. É imposible perder a condición de persoal estatutario por asinar obxectivos contemplados no Acordo de Xestión Clínica. A perda da condición de persoal estatutario só se pode producir polas causas previstas no Estatuto Marco (renuncia, xubilación, ...) e, entre elas, non se contempla a participación en AXC.


 ***¿En qué situación administrativa queda o persoal que participa na AXC?***

O persoal que decida participar na AXC queda na **situación de activo** (artigo 63.1 do Estatuto Marco) con todos os dereitos e obrigas inherentes á súa condición.


O modelo que implanta o Sergas **non** precisa o pase do traballador/a á situación específica de xestión clínica, recentemente creada polo artigo 65 bis do Estatuto Marco.

 ***¿Unha vez asinado o Acordo de Xestión Clínica pode renunciar antes de que finalice o seu prazo de vixencia?***

Si, poderase renunciar en calquera momento.

 ***¿Cál será a situación do persoal fixo que non desexe participar na Área de Xestión Clínica que constitúen os seus compañeiros? ¿Perde a praza e o destino obtido?***

Continúa na mesma situación sen perda da súa condición e dereitos como persoal estatutario.


 ***¿Qué categorías poden participar? ¿Quedan excluídas as que non interveñen directamente no proceso asistencial?***

Poden participar traballadores/as de todas as categorías estatutarias.

DIRECTOR/A DA AXC

 **¿Quén pode ser Director/a da Área de Xestión Clínica?**

Só poderá ser nomeado persoal estatutario da AXC.


 **¿Vai a Área de Xestión Clínica substituír aos actuais servizos, e o/a Director/a da AXC ao Xefe/a de Servizo?**

Non, a estrutura dos servizos non se modifica, reorganízase a forma de traballar. As AXC poderán englobar a máis de un servizo.

MOBILIDADE

 **¿A sinatura do Acordo de xestión clínica pode supoñer a perda do destino obtido nun acoplamento interno?**

Non, respectaranse os destinos obtidos nos propios termos do correspondente acoplamento.


 **¿Cando a Área de Xestión Clínica afecte a máis dunha área sanitaria e asinas o Acordo, pódese mover aos profesionais forzosamente dunha área a outra?**

Non, a área de destino do posto de traballo obtida polo persoal fixo non é posible modificala forzosamente polo feito de participar nunha AXC.

 **¿Poderase optar en concurso de traslados a prazas que estean vinculadas á xestión clínica?**

Si, os procedementos de mobilidade do persoal non cambian.

ORDENACIÓN DOS RECURSOS HUMANOS

 **¿A persoa que resulte designada para o posto de Director/a de área pode modificar unilateralmente a xornada, horario e demais condicións de traballo do persoal?**


Non, os/as profesionais que participen na AXC non perden as súas condicións de traballo, posto, horario, e xornada inherentes á súa condición estatutaria por participar na AXC.

 **¿Cáles son as facultades que ostenta o director/a respecto do persoal adscrito á Área de Xestión Clínica?**

O persoal asinante do ADXc dependerá funcionalmente do director/a, que organizará, co apoio do comité de dirección, o desenvolvemento das funcións de todo o persoal da AXC.

 **¿Os profesionais que participen nas áreas, van ter formación en xestión clínica?**

Si. Un dos principios máis importantes do modelo de xestión clínica é a formación dos profesionais na utilización de ferramentas de xestión, o fomento da xestión eficiente dos recursos, e a medición e avaliación continua dos resultados obtidos.

 *¿Os que queiran participar disporán de facilidades técnicas, apoio cualificado, modelos de procesos, etc.?*

Si, terán os apoios que sexan necesarios para un adecuado desenvolvemento das súas funcións.

 *¿Participar na Área de Xestión Clínica vai mellorar a organización da actividade ordinaria do profesional?*

Si, precisamente a AXC permitirá, coa participación dos/as profesionais, unha mellor forma de organización do traballo, que proporcionará un aproveitamento máis axeitado da xornada laboral.

MECANISMOS DE INCENTIVACIÓN

 *¿A participación nunha Área de Xestión Clínica supón poñer en risco os salarios actuais?*

Non, o persoal que participa na xestión clínica asume os obxectivos fixados no ADXc, co que se abre a posibilidade de obter un complemento salarial de produtividade variable asociado ao cumprimento deses obxectivos. Polo tanto, **pode gañar mais, pero non perder**.

 *¿Poderán percibir o incentivo os/as traballadores/as de todas as categorías?*

Si, poden percibililo todos os profesionais de todas as categorías que teñan asinado o Acordo de Xestión Clínica.